

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO - CEIP ELADIA MARIÑO

Curso 2022-23

## 1. INTRODUCCIÓN.


Este documento ten como obxectivo principal ser guía do noso facer no colexio en relación coas linguas *co fin de promover a maior competencia lingüístico nas tres linguas: galego, castelán e inglés*. Polo tanto trátase dun documento que reúne as seguintes características:

- **Práctico e realista.** Queremos que sexa guía para o facer diario e polo tanto que cada acción se poda concretar a pé de aula.
- **Coherente:** co resto de documentos, coa nosa realidade e cos recursos dos que dispoñemos tanto materiais como humanos. Coherente entre niveis permitindo trazar unha liña dende infantil 3 anos ata 6º de primaria.
- **Integrador:** xa que parte de todo o que en común teñen as linguas. Fai que os profesionais que imparten as tres linguas planifiquen as liñas de actuación en conxunto pero tamén pon de acordo ás mestras das outras areas.
- **Con finalidade comunicativa.** Na medida na que seu finalidade é transmitir cara unha audiencia real.
- **Protector:** Xa que coida de todo aquilo que conforma o patrimonio do noso colexio, iso que levamos facendo dende hai tempo e que funciona, que nos da seguridade, que nos diferencia (radio escolar, por folio)
- **Innovador.** Tenso en conta que se adapta á realidade social na que vivimos.
- **Vivo.** Na medida en que cada curso iremos valorando e introducindo os cambios que consideremos necesarios.



## 2. PILARES DO PROXECTO. .

Este proxecto está baseado en tres pilares que consideremos esenciais:



A linguaxe regula o noso pensamento e achéganos ao coñecemento do mundo, favorece a regulación do comportamento e a expresión emocional, é esencial nas relacións humanas,...No ensino é a ferramenta da aprendizaxe e polo tanto todos os esforzos que invertamos nela terán un gran impacto.

Na nosa comunidade contamos cunha lingua propia: o galego. Unha lingua con forza pero ao tempo en desvantaxe. Poñer en valor o galego favorecerá as outras linguas. Queremos contribuír a expandir ese amor polo que temos máis cerca e rachar cos prexuízos e coas ideas políticas que dende hai anos veñen sendo “pedras no camiño”.

Partimos dun tratamento integrador das linguas (TIL) que se traduce nunha programación didáctica consensuada para as linguas do centro. Seu obxectivo principal é facilitar as transferencias lingüísticas ao tempo que impulsa a metacognición.



### 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

Dende hai anos a situación sociolingüística do colexio ven sendo a mesma. A continuación describimos como é o mapa lingüístico.

- **Contorno sociolingüístico do centro:**

Pola súa localización como centro rural, o galego debería ser a lingua habitual da maioría dos habitantes da zona. A maior parte das familias utiliza maioritariamente o castelán (43%); un 27% afirma utilizar ambas linguas por igual, mentres que só un 8% utiliza preferiblemente o galego, un 2% confesa utilizar soamente o galego na súa vida cotiá.

Podemos observar que a situación no noso centro sitúanos nun contexto no que o uso do castelán predomina sobre o galego.

Tendo en conta a lingua materna do alumnado, só un 3% das familias que responderon á enquisa afirma que lle aprendeu a falar aos seus fillos ou fillas só en galego; un 2% indicou que predominou o galego; un 18% di telo feito en ambas linguas por igual; para un 44% das familias predominou o castelán; e un 32% afirma telo feito só en castelán.

Tendo en conta as enquisas das familias e do alumnado podemos sinalar que a lingua habitual falada nas casas é o castelán. Non se presentan nunca problemas porque as comunicacións entre o centro e as familias realízanse sempre en galego.

- **Situación lingüística do profesorado.**

Os datos obtidos nas enquisas mostran que un 58,33% do profesorado fala por igual o galego e o castelán e que tan só un 8,33% utilizan só o castelán e só o galego outro 8,33%.

As enquisas amósannos un profesorado ben capacitado para empregar o galego nas actividades docentes. Un 52 % considera que a súa capacitación é alta, 17,6% moi alta, un 17,6% considéraa media, mentres que o 11,8% restante considéraa baixa.

A actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo é favorable. A maior parte do claustro afirma utilizar ambas linguas por igual no ámbito escolar. Por outra banda, un importante número de mestres e mestras afirma que as familias adoitan utilizar máis o castelán co profesorado nas titorías. A

maioría tamén afirma que os compañeiros e compañeiras utilizan ambas linguas por igual entre eles. Mais a todo, un gran número tamén afirma que o persoal non docente adoita utilizar máis o galego para comunicarse cos docentes.

A actitude cara a normalización social do galego por parte do profesorado é tamén favorable.

Mais a todo, vense carencias para levar a cabo un maior aproveitamento da lingua no centro. O profesorado demanda máis recursos para desenvolver a súa capacidade docente, como poden ser libros e páxinas web, pero o máis importante e o que máis botan en falta son materiais audiovisuais e máis comprensións lectoras ligadas aos intereses do alumnado.

- **Situación lingüística do alumnado.**

A lingua habitual do alumnado non é o galego. A enquisa reflexa que tan só un 1,6% usa este idioma habitualmente. Un 22,2% dos nenos e nenas usan só castelán e un 66,7% utiliza de forma predominante este idioma. Un 9,5% utiliza galego e castelán por igual. Malia estes datos, o alumnado percibe a importancia de falar galego.

Son favorables as respostas en relación ao enriquecemento en canto a adquisición de dúas ou máis linguas. Un 23,8% sempre mostra boa disposición á hora de falar galego; un 34,9% habitualmente; un 36,5% poucas veces mostra boa disposición para falar galego; mentres que un 4,8% nunca mostra boa disposición para falar a lingua galega.

- **Situación lingüística do centro.**

- Utilízase a lingua galega en toda a documentación administrativa, nas notas informativas, nos taboleiros e nas comunicacións escritas ás familias e institucións.
- No Consello Escolar a lingua empregada maioritariamente é o galega.
- Nos Claustros, CCP, xuntanzas de equipos, etc maioritariamente a lingua galega.
- Emprégase a lingua galega na organización e divulgación das actividades extraescolares e actividades do concello.
- A ANPA utiliza a lingua galega nos seus comunicados e escritos.
- Nas conversas informais entre o profesorado e o alumnado utilízanse indistintamente as dúas linguas.

- O persoal non docente tamén se comunica en lingua galega tanto co profesorado como co alumnado.
- Non temos recollidos os criterios que utilizamos para a selección de recursos materiais didácticos, libros e revistas, multimedia, software...
- Tampouco temos recollida información sobre a lingua que utilizamos cando nos comunicamos con outros profesionais alleos ao centro: CEFORE, asesores, distribuidores...

Consideramos que é necesario facer visibles as linguas do alumnado do . Nestes momentos podemos considerar que a variante de español-latino e o chinés terían que estar presentes. Acordamos que no curso 20022-23 se concretará unha proposta para que así sexa. Cando falamos de lingua tamén nos referimos a cultura.

Somos conscientes de que os docentes debemos mellorar a calidade da nosa lingua galega tanto a nivel oral como na escrita. Por iso acordamos o seguinte.

- Sempre que fagamos unha carta ou comunicado ás familias pasar o corrector.
- Corrixirnos entre nós.

#### **4. OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS DE CENTRO.**

- O principal obxectivo do noso PLC é garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas cooficiais e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo na lingua estranxeira. Despois da análise da situación sociolingüística do centro observamos que a lingua galega necesita unha maior presenza no ámbito de centro e polo tanto debemos:
  - Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
  - Valorar a historia e cultura propias deseñando actividades para a radio de coñecemento das mesmas.
  - Facer visible a relación existente entre as festas ou celebracións de diferentes culturas.

- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais audiovisuais na lingua galega , e promover o seu uso.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houbera.
- Manter e promover relacións abertas co concello, ANPA e outras institucións para promover a lingua e cultura galega.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...

## **5. LINGUAS NAS AREAS.**

### **a. CRITERIOS AGRUPACIÓN DE ALUMNADO.**

Sendo un centro liña 1 non temos establecidos criterios relacionados coas linguas para agrupar dentro do nivel. De tódolos xeitos existen outros agrupamentos nas aulas como son os grupos cooperativos nos que debemos ter en conta a lingua, como un factor máis a considerar.

### **b. LINGUAS A UTILIZAR EN CADA AREA.**

Tal e como recollese no apartado anterior o castelán é a lingua dominante na maioría dos ámbitos que rodea ó alumnado se ben é certo que dende o colexio intentamos reforzar a lingua desfavorecida que é o galego. Sinalar que nas actividades complementarias organizadas polo centro como poden ser festas e conmemoracións a lingua galega é predominante.

No curso 2020-21 o Claustro do colexio acordou non impartir ciencias sociais e ciencias naturais en inglés.

Os motivos para non facelo foron os seguintes:

- As características da área con cantidade de termos, definicións, vocabulario... Provocando que o alumnado estea sobrecargado en memorizar e traducir, e polo tanto dificultando a aprendizaxe nas dúas linguas.
- A dificultade de moito do alumnado, non soamente o alumnado NEAE.
- A necesidade de potenciar a lingua galega.

Asemade acordouse que no curso 2022-23 a área de Educación Física sería impartida en lingua inglesa.

Tras o debate do tema polo Claustro, a decisión foi trasladada ao Consello Escolar e posteriormente á administración educativa para poder implantar.

### Cadro curso 2022-23

Áreas	CURSOS					
	1º EP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
LG(4)	LG (4)	LG(4)	LG(4)	LG (4)	LG(4)	LG (3)
Lingua castelá e literatura	LC(4)	LC(4)	LC(4)	LC(4)	LC (4)	LC(3)
Matemáticas	LC(5)	LC(5)	LC(4)	LC(5)	LC(5)	LC(5)
Ciencias Sociais	LG(3)	LG(2)	LG(3)	LG(2)	LG(2)	LG(3)
Ciencias da natureza	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)
Lingua estranxeira	LI(2)	LI(2)	LI(3)	LI(3)	LI(3)	LI(3)
Educación artística (Plástica e Música)	LG(1)+ LI (1)	LG(1)+ LI (1)	LG(1)+ LI (1)	LG(1)+ LI (1)	LG(1)+ LI (1)	LC(1)+ LI (1)
Educación física	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)	LG(2)
Relixión/Valores sociais e cívicos	LG(1)	LG(2)	LG(1)	LG(1)	LG(1)	LG(1)
Libre configuración	-	-	-	LG(1)	-	LG(1)
TOTAIS:	25 LG:12 LC:9 LI:3	25 LG:13 LC:9 LI:3	25 LG:13 LC:8 LI:4	25 LG:13 LC:9 LI:4	25 LG:12 LC:9 LI:4	25 LG:13 LC:8 LI:4

### **c. TRATAMENTO INTEGRADOR DAS LINGUAS (TIL).**

Dentro deste apartado destacamos unha das iniciativas que dende o curso 2009-10 lévase facendo no colexio coa implantación do PEL no noso centro. Búscase a implicación neste proxecto do maior número de mestres de linguas do centro así como das familias, xa que o seu éxito pretende que toda a comunidade educativa participe do proceso de ensino aprendizaxe das linguas dunha maneira viva e real, acorde coa realidade plurilingüe na que nos atopamos.

#### **¿Que é o portfolio?**

É un documento proposto polo Consello de Europa con vistas a establecer un marco común para o aprendizaxe de linguas.

Nel se recollen as experiencias lingüísticas e culturais dos nenos e nenas, as súas reflexións respecto ós contactos coas culturas e os seus progresos de aprendizaxe das linguas que coñecen e aprenden tanto a nivel escolar como na vida cotiá.

Pertence ó alumno/a e pode ser cumprimentado tanto na casa como no cole, sempre coa axuda dun adulto. Acompañar ao durante toda a educación primaria e estará vivo ó igual que o seu dono/a.

#### **Compoñentes.**

Consta de tres compoñentes:


- Biografía: Reflexa o proceso de aprendizaxe individual.
- Dossier: a modo de carpeta (ou outro) onde se gardan recordos, regalos, traballos... relacionados con diferentes linguas, culturas, coas que está en contacto.
- Pasaporte: é o último dos compoñentes que se debe de cumprimentar. Nel rexístranse as competencias adquiridas, o nivel nas diferentes linguas dentro do Marco Común de referencia (A1 Acceso – A2 Plataforma – B1 Umbral – B2 Avanzado – C1 Dominio Operativo Eficaz – C2 Maestría), auto avaliacións, e avaliacións externas.

#### **Algunhas estratexias cara un ensino integrado das linguas.**



- Que as mestras de linguas se poñan de acordo nos obxectivos, metodoloxía, recursos, temporalización.
- Favorecer espazos de encontro e debate dos mestres de linguas.
- Avanzar na planificación conxunta por nivel e en vertical.
- Desenvolver proxectos que abranguen as tres linguas.
- Unificar o sistema de avaliación.

Tras o debate acordamos que no curso 2022-23 realizárase unha planificación conxunta. O apartado de unificación da avaliación quedaría para o seguinte.



#### d. ENFOQUE DAS LINGUAS NAS AREAS NON LINGÜÍSTICAS.

*Hablar de ciencia no significa simplemente hablar acerca de la ciencia. Significa hacer ciencia a través del lenguaje. Jay L. Lemk*

O Claustro acorda argallar sistemas para que as linguas sexan foco de atención nas outras áreas.

- Nas ciencias, por exemplo seleccionando textos que se poden reforzar.
- Nas matemáticas, traballando aspectos de comprensión lectora.
- Nas áreas non lingüísticas facendo correccións de lingua.

## **6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **a. ALUMNADO CON NEEAE.**

Apartado a completar polo departamento de orientación.

### **b. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.**

Apartado a completar polo departamento de orientación.

## **7. O PROCESO DE APRENDIZAXE DAS LINGUAS.**

### **a. O PROCESO DE LECTURA E ESCRITURA.**

Acordamos debater este apartado en setembro 2022 e incorporalo a este documento.

### **b. Plan lector do centro.**

Ver anexo 1.

### **c. Tipos de textos que escriben.**

Completaremos este apartado no curso 2022-23. A idea é repartir os textos por niveis para poder traballalos a fondo, de xeito motivador e significativo. .

### **d. Tipos de seguancias de expresión oral.**

Completaremos este apartado no curso 2022-23. A idea é a mesma que no apartado anterior.

### **e. Sesións de expresión oral en infantil.**

Na etapa de infantil temos acordada unha sesión semanal de “expresión oral” que é impartida pola mestra de apoio. No anexo 2 recóllese a planificación destas sesións.

Ademais a especialista de AL ten unha sesión de PELO nos niveis de 4 e 5 anos. Estas sesións que se fan con todo o grupo realízanse en docencia compartida, desta maneira as mestras de infantil están recibindo formación relacionada con este ámbito.

#### **f. Obradoiros en infantil.**

Na etapa de infantil levamos a cabo unha actividade que chamamos “obradoiros”. Esta actividade, de carácter semanal, favorece a relación entre todo o alumnado da etapa. Desta maneira estamos enriquecendo o estímulo lingüístico que reciben os nenos e as nenas. Ademais hai un dos obradoiros que está centrado na lingua. O obradoiro que chamamos “EXPRESAMOS2 ten como obxectivo favorecer a expresión nun sentido amplo.

#### **i. Radio escolar.**

A radio escolar é un eixe sobre o que xira a vida no noso colexio. Mensualmente realizarase un programa de radio e trimestralmente un programa de radio-televisión coincidindo cos festival es ou galas de Nadal, Entroido e letras galegas.

## **8. AVALIACIÓN.**

No curso 2022-23 concretaremos este apartado para que no seguinte poda ser posto en marcha. O obxectivo é unificar criterios de avaliación e organizar os mínimos por nivel.